



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**ASUNTO:** LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUIDOS CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL TECNICO DE DEPORTES

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000566

### **ANTECEDENTES:**

A Deputación provincial da Coruña mediante Resolución núm.2022/19699 ven de aprobar a concesión definitiva de subvencións do programa F0106/2022 dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal Técnico nos servizos municipais de deporte en 2022, e entre eles está o Concello da Laracha (publicado no BOP de 29 de abril de 2022).

De conformidade co disposto no Real Decreto-Lei 32-2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, no apartado tres do artigo primeiro, de modificación do artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, considérase que estamos ante un caso excepcional e que existen necesidades urxentes e inaprazables que xustifican o nomeamento temporal proposto polos seguintes motivos: a chegada do verán, e das vacacións escolares e a conseqüente programación deportiva de cara a esta época de ano. Programación tanto na poboación infantil e xuvenil (actividades puntuais durante o mes de xullo e agosto, excursións, campamentos culturais e deportivos...) como na poboación adulta ( rutas de sendeirismos, actividades deportivas...). Sendo o verán un dos períodos onde máis actividades deportivas se programan, coincidindo coas vacacións dos nenos e nenas do municipio e facilitando así a conciliación e a oferta de ocio e tempo libre na época estival.

Vista providencia de alcaldía de 28 de abril de 2022 incoando expediente de elaboración de bases de selección para a contratación laboral temporal mediante contrato de duración determinada por circunstancias da produción dun técnico de turismo durante 6 meses a través do sistema de concurso-oposición; Bases de selección; e Informe xurídico emitido polo secretario do Concello de 5 de maio de 2022 e informe de intervención de 6 de maio de 2022.

O 6 de maio de 2022 aprobáronse as bases de selección de persoal técnico de deportes sendo esta publicadas no BOP o 12 de maio de 2022. Transcorrido o prazo de cinco días hábiles e revisadas as solicitudes no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas:

#### **ADMITIDOS**

Ningún

#### **EXCLUIDOS**

DAVID IGLESIAS VAZQUEZ \*\*\*7787\*\* A titulación aportada non corresponde a titulación necesaria segundo das bases de convocatoria (Técnico superior en ensinanza e animación sociodeportiva ou técnico superior en acondicionamento físico).





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación deste anuncio no taboleiro de edictos e na paxina web do Concello outorgando un prazo de tres (3) días hábiles para a enmenda das deficiencias sinaladas, que serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola se aprobe a lista definitiva

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.

